

Branca de Neve

Todo o mundo cría a versión da historia que Fernando, o pai de Branca de Neve, daba aos dous detectives daquela cidade, parecía que eran as únicas persoas de todo o reino en non crelo, pero xa non sabían que máis facer para poder atopar algún indicio que lles puidera levar á verdade.

Antes de proceder ao rexistro do casa, os policía decidiron preguntar a Fernando unha última vez pola súa versión da historia. A súa declaración foi a seguinte:

Despois da morte da miña primeira muller, coñecín a unha fermosa xoven chamada Ana coa que catro meses máis tarde, acabei casando. Despois da boda decidimos ir vivir ao Castelo máis antigo da cidade xunto coa miña filla Branca de Neve, froito do meu primeiro matrimonio. Desgraciadamente, ao cabo dunhas semanas Ana comezou a portarse mal e ter ataques de violencia contra Branca, os cales foron aumentando a medida que as semanas pasaban. A razón deste comportamento, claro está, era a envidia que a miña esposa tiña hacía Branca pola súa desmesurada beleza que ela herdara de min. Esa faceta súa era unha das poucas cousas que odiaba dela. Esa e que non cumprira os meus mandatos. Pero o detonante de todo foi cando escoitei a Ana dicir que estaba pensando en matar a Branca. Despois disto, decidín que tiña que facer algo para protexer á miña filla, e ocurriúseme levala a casa dos meus irmáns. Unha casa preto do castelo pero o suficientemente lonxe para estar ben protexida polos meus sete irmáns. Eles accederon sen problema a quedarse con ela mentres eu conseguía os papeis para anular o meu casamento. O que eu non tiña pensado era que Ana se enterase de todo o sucedido. Segundo o criado contoume, Ana fixo unha tarta envelenada e logo mandouno a casa dos meus irmáns. Grazas a deus, a única que provou a tarta foi a miña filla e os demais saíron ilesos.

Despois de escoitar toda a declaración os detectives fixéronlle unha última pregunta:

- Sabes onde está Ana?

- Non o sei, pero seguro que desapareceu para que vostedes non a encarceraran. Sempre tivo pinta de cobarde.

Os detectives non puideron sacar nada destas declaracións, polo que só tiveron que esperar a que lles dixeran os demais policía se atoparan algo na casa de Fernando. Para sorpresa dos detectives na casa, atoparon a Ana amordazada e atada a unha cadeira no sótano. Fernando non a escondera mellor porque pensou que como acontecera coa súa muller anterior, con darlles cartos aos detectives valdríalles, mais desta vez non tivera tanta sorte.

Despois duns días de todo acontecido os detectives interrogaron a Ana para que lle aclarara o que pasara.

"Branca contoume fai unhas semanas que vira como o seu pai, tras unha pelexa había matado a súa nai. Eu asusteime tanto que decidín que ao día seguinte a traería aquí para que contara a verdade, pero aínda non sei como Fernando enterouse do meu plan e pola noite mentres durmía levouse a Branca a algunha parte. Cando despertei á mañá seguinte, xa estaba atada no sótano e de non ser por vostedes, eu xa non estaría aquí."

Finalmente os detectives lograron o que querían, que era meter a Fernando no cárcere, desgraciadamente chegaron un pouco tarde, para a morte da fermosa cativa e a súa nai, pero causou tanto impacto na xente do pobo que os comportamentos coas mulleres

nalgúns aspectos comezaron a cambiar. Isto só foi un pequeno paso pero cada paso por moi pequeno que sexa é importante.